

O día no que as rapazas tomaron as redes
Participamos no CESGA na gran cita da igualdade tecnolóxica



Código

codigocero.com

0

Nº 189

cero

REVISTA DE CIENCIA, INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA DE GALICIA

**Obxectivo: fogares
dixitais 100%
accesíbeis**

COGAMI, UDC e CITIC
xuntan forzas

**As firmas galegas
no epicentro da
transformación**

Incrementamos nun
80% o investimento
dixital

**Día das Letras,
Día de Internet**

Collemos posición para o 17 de maio

Antón Fraguas



**Comercio mundial,
alá imos**

A Deputación de Lugo lanza
www.sicomercio.es

ENTREVISTA

**"A especie humana é unha
especie aberta"**

Albert Cortina Ramos,
experto en transhumanismo



Equipo

DIRECTOR:

Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:

Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:

Fernando Sarasketa
Sonia Pena
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:

Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Óscar Louzán
foro@codigocero.com

PUBLICIDADE:

publicidade@codigocero.com

EDITA:

Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.-fax: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:

Gráficas Garabal, S.L.
Tel.: 981 56 25 95
graficassgarabal@graficassgarabal.es

Número 189

(abril - maio 2019)
Publicación periódica.

Prezo: 2 €

Depósito Legal: C-2301/01

I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

Fotos páxinas 12, 13, 21: Diseñadas
por Creativeart / Freepik

anos
17
informando



cando leas a revista, compárteala...
.... cun amigo, un familiar, ou
dóaa á biblioteca do teu barrio.
Cantos máis sexamos, máis cambios
conseguiremos

Sumario

nº 189

REPORTAXES

- 4** Entrevistamos a Albert Cortina, experto en transhumanismo
- 6** A Deputación de Lugo pon en marcha unha web para impulsar o comercio local no mundo
- 7** A AETG convoca premio de tecnoloxía social e prepara a súa gala anual (a festa da Noite)
- 8** O CESGA, o CPEIG e Igualdade celebran o Día Internacional das Rapa-zas nas TIC
- 9** Fernando Suárez salienta a importancia da Enxeñaría en Informática no deseño de software crítico
- 10** A sede de Cinfo no CITIC recibiu a visita do conse-lleiro de Economía
- 11** O CITIC, a UDC e COGAMI xuntan forzas a prol dos fogares dixitais accesíbeis e integradores
- 12** As firmas galegas incre-mentaron nun 80% o investimento en TIC
- 13** Digitalent inicia tres novas iniciativas para impulsar vocacións dixitais
- 14** As galegas e galegos festexamos nas redes o legado de Antón Fraguas



14 - 17

A Rede galega comeza a pechar fileiras arredor de Antón Fraguas

- 15** Celebramos o Día das Redes Galegas e estreamos nova versión do CORGA
- 16** O Consello da Cultura Galega pon na Internet o tesouro dos nosos discos de lousa e pedra
- 17** Política Lingüística entrega os premios do certame Lingua de Namorar
- 18** Henrique Neira lévamos á orixe do aritmómetro inventado por Charles Xavier Thomas de Colmar
- 19** Entrevistamos aos respon-sábeis de Toxo Telecom (a operadora de Ribeira)

- 21** Telefónica certifica que a mocidade galega é a que máis merca pola Rede
- 22** Achegamos unha nova ración de innovación galega con múltiples ingredientes
- 24** Resumo da actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra
- 30** Quincemil, un novo medio dixital con acento coruñés

TREBELLOS

- 26** Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

XOGOS

- 28** Repasamos o máis salien-tábel dos días pasados en materia de xogos e consolas



4

Entrevistamos a Albert Cortina Ramos, experto en transhumanismo



— Semella cuestión de ciencia ficción pero a tecnoloxía se xa é importante na nosa vida no futuro vaimos condicionar como especie. En palabras do enxeñeiro de Google Ray Kurzweil, membro do movemento transhumanista, nos vindeiros 35 anos os avances tecnolóxicos darán lugar a máquinas dotadas de intelixencia, consciencia e emocións. Nese inminente mundo, os implantes cibernéticos dotarán á nosa especie de novas habilidades físicas e cognitivas. Todas estas ideas están na base do transhumanismo, unha corrente xurdida nos 60, que segue sendo futurista, que ten aspectos positivos, pero críticos, sobre cuestións que poden ir contra a dignidade da persoa e a liberdade.

“A ESPECIE HUMANA É UNHA ESPECIE ABERTA E EN EVOLUCIÓN”

Por José Antonio Constenla

- Que é o transhumanismo?
- É un movemento cultural, intelectual e científico que defende a necesidade de mellorar as capacidades físicas e cognitivas da especie humana, e aplicar aos homes e mulleres as novas biotecnoloxías, a fin de que se poidan eliminar aspectos como o sufrimento, a enfermidade, o envellecemento e, mesmo, a condición mortal.

- E que é o humanismo avanzado?

- Ante os desafíos ideolóxicos e os retos que nos expón a converxencia das biotecnoloxías e a súa interacción e integración no ser humano e no ambiente, acuñei o concepto de humanismo avanzado, centrado nunha antropoloxía axeitada do ser humano para este século XXI, que evoluciona para ser, precisamente, máis humano. É unha reformulación do humanismo no que as biotecnoloxías emerxentes estean ao servizo das persoas e da biosfera e non ao revés, e no que a ética, as humanidades e a espiritualidade, lideren o novo escenario do progreso científico-tecnolóxico.

- Humanos ou posthumanos? Está a producirse xa o paso do xénero humano cara ao posthumano?

- O ser humano é, en parte, froito da evolución biolóxica e por iso non deba estrañarnos que haxa nel un desexo de mellorar, de continuar a súa propia evolución. A especie humana é unha especie aberta e en evolución, que ao longo do últimos dez mil anos xa cambiou bioloxicamente e neuroloxicamente.

- Pódese deseñar ao ser humano perfecto a partir da transformación radical das nosas condicións naturais?

- Sen querer minusvalorar o que a tecnoloxía pode chegar a facer do home, a superación da humanidade pola figura do superhome, do posthumano, ten raíces profundas na nosa cultura. Con todo, sempre que tentamos ceibarnos da nosa condición natural non saímos ben parados.

- Parece que son obxectivos do transhumanismo a superlonxevidade, a superintelixencia e o superbenestar, Está a avanzarse nesa dirección?

- O transhumanismo propón basicamente tres superacións: unha relativa ao alongamento da vida, outra relativa á axilidade mental, e unha última relativa á eliminación do sufrimento. Busca facernos inmortais no plano cibernético, dotarnos dunha razón superpotente que nos dea unha capacidade infinita de cálculo e procesamento de datos, e, quere que a dor e o sufrimento desaparezan totalmente das nosas vidas ofrecéndonos un mundo feliz terreal. Persoalmente creo que queda moito camiño por andar.

- E que propón o humanismo avanzado respecto a felicidade da persoa?

- O humanismo avanzado baséase nunha antropoloxía aberta ao transcendente, que entende ao ser humano como unha alma inmortal encarnada nun corpo. No devandito concepto de persoa, a dimensión espiritual e a humana atópanse integradas de xeito harmónico. Por iso aposta pola conexión entre o cerebro e o corazón como un magnífico camiño a percorrer para avanzar cara á nosa plena felicidade.

- A inmortalidade cibernética será unha realidade?

- Algúns transhumanistas traballan no que denominan “a morte da morte”. Afirmen que a identidade humana pode almacenarse nun soporte dixital e transferirse dun corpo a outro (que tal vez sexa de silicio ou mesmo holográfico), o que permitirá aos seres humanos sobrevivir á morte física. Pero, cabe preguntarse se é o mesmo inmortalidade dixital que vida eterna?

- Ata que punto chegará a estar presente nas nosas vidas a Intelixencia Artificial? Poderán as máquinas superar intelctualmente aos humanos?

- A Intelixencia Artificial xa está presente nas nosas vidas desde a súa forma “feble”. Con todo, aínda non é autónoma respecto a intelixencia humana e por tanto, non pode levar a cabo as súas propias decisións de forma consciente. Esa forma “forte” de Intelixencia Artificial está lonxe de desenvolverse.



O transhumanismo propón basicamente tres superacións: unha relativa ao alongamento da vida, outra relativa á axilidade mental, e unha última relativa á eliminación do sufrimento

— **Albert Cortina** é docente, avogado urbanista, e director do consultora Estudio DTUM. Como consultor en materia de intelixencia ambiental, biomimética e cidades intelixentes estuda a conservación da natureza e o futuro do ser humano no seu proceso de interacción e integración coas tecnoloxías emerxentes NBIC (nanotecnoloxía, biotecnoloxía, Tecnoloxías da Información e a Comunicación) así como as consecuencias éticas do trashumanismo. É coautor da obra *¿Humanos o posthumanos? Singularidad tecnológica y mejoramiento humano* (Fragmenta, 2015) e autor de *Humanismo avanzado para una sociedad biotecnológica* (Teconté, 2017)



- E como ve o humanismo avanzado esta substitución do humano polo posthumano?

- Desde o humanismo avanzado hai unha aposta decidida por reforzar a nosa interioridade humana partindo da noción integradora dos tres niveles de intelixencia da persoa: o emocional, o intelectual e a espiritual. O aumento da intelixencia espiritual será esencial nas sociedades biotecnolóxicas emerxentes para manter a preeminencia da intelixencia humana sobre a artificial.

- No seu novo libro fala de construír unha ética universal, que significa?

- En efecto, desde o humanismo avanzado proponho elaborar unha "Declaración universal dos valores humanos", mediante unha ética global que resulte válida para resolver os grandes desafíos que expoñen a globalización tecnolóxica e a gobernabilidade mundial en relación á condición humana. Habería que artellar uns principios básicos compartidos de maneira global.

- Unha das grandes críticas ao transhumanismo é que ofrece unha vida mellor só aos que poden permitirse unha vida mellor, é unha filosofía de ricos para ricos?

- É unha ideoloxía que vai supoñer unha fragmentación radical da humanidade, un aumento perigoso da desigualdade e a aparición de novas castes tecnolóxicas. O transhumanismo supera as actuais propostas sociopolíticas e híbridase co capitalismo dixital tanto no occidente liberal como no oriente comunitarista. Ao meu entender, nos próximos anos China vai ser quen asuma plenamente o transhumanismo non tanto desde a visión do individuo, senón desde a mellora biotecnolóxica da especie.

- A tecnoloxía aplicada ao xénero posthumano faranos máis felices?

- Se o sistema de valores da sociedade biotecnolóxica do futuro baséase nos principios do humanismo avanzado, continuaremos pensando que o que de verdade importa é facer felices aos demais. A felicidade non nos virá pola vía da tecnoloxía aplicada ao ser humano, senón por entender que a lei universal que nos rexe é a lei do amor.

- Debemos ter medo a este futuro posthumano?

- Eu opto pola esperanza. Como nunca antes na historia, o destino común dos seres humanos úrxenos a buscar un novo comezo. O noso mundo está chamado a crecer en plenitude...se non o impedimos. ■